ANUNCIO

ACTUALIZACIÓN BOLSA DE EMPREGO CATEGORÍA TÉCNICO DE TURISMO

Por Resolución desta Alcaldía nº 370/2026 de data 12 de novembro de 2026 aprobouse a Actualización da Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Técnico de Turismo.

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 13 de novembro de 2026. O ALCALDE en funcións: Alberto Cortizas Rejo

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ACTUALIZACIÓN BOLSA DE EMPREGO CATEGORÍA TÉCNICO DE TURISMO
EXPEDIENTE: 2026/G003/000385

ANTECEDENTES:

Por Resolución da Alcaldía número 172/2025 do 29/05/2025, aprobouse a Bolsa de Emprego para posibles provisións temporais de persoal, na categoría de Técnico de Turismo: conformada coa listaxe de aspirantes que, por orde de puntuación obtida e segundo a proposta do Tribunal cualificador de data 23/05/2025,superaron o proceso selectivo.

Tralo primeiro chamamento, o candidato que figuraba no primeiro posto da Bolsa de Emprego, que responde ás iniciais B.G.,L., en data 02/06/2025 comunicou as súas excusas para incorporarse ao posto, que constan no expediente 2025/E001/000001, solicitando permanecer na listaxe, e pasando ao ocupar o último posto da bolsa, por un período dun ano, de acordo ao indicado nas bases reguladoras para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Técnico de Turismo (BOP nº 63, do 2 de abril de 2025), que, no seu punto 14, que establecen o seguinte:

A orde de prelación das/os candidatas/os incluídas/os nas listaxes modificarase cos conseguintes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

- ***Os/as que sendo chamados/as para facer efectiva a contratación ou nomeamento, renunciasen ao posto ou non presentasen a documentación en prazo, manifestando o seu interese de continuidade na listaxe, perderán o seu lugar na Bolsa, pasando a ocupar o último posto da Bolsa por un período dun ano.***

Transcorrido o citado período, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Actualizar a Bolsa aprobada por decreto desta Alcaldía 172/2025, de 29/05/2025, segundo o establecido nas bases para posibles provisións temporais de persoal, na categoría de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: EnmZTL/W6kZ5ieXBOvGu Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Técnico de Turismo, aprobadas e publicadas no BOP nº 63, do 2 de abril de 2025, que quedará na seguinte orde:

	SOLICITANTE	TOTAL
1.	BOCELO GÓMEZ, LUIS	11,80
2.	BASOA ANCA, DUARTE	11,60
3.	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ ELISA	10,80

Segunda.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios electrónico do Concello de Monfero, como establecen as bases aprobadas e publicadas para regular a convocatoria, para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e ás demais interesadas, indicando que, contra este acordo, as persoas interesadas poderán facer uso da vía impugnatoria que consideren oportuna, conforme ao disposto nas bases reguladoras da convocatoria e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas

Monfero, 13 de novembro de 2026

O Alcalde en funcións,

Alberto Cortizas Rejo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: EnmZTL/W6kZ5ieXBOvGu Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/